



**IES
de
Beade**

Camiño do Outeiro, 10
36312 Beade - VIGO
NIF: Q-8655253-F - Telf. 886 111 030
ies.beade@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/iesbeade/

Estimadas familias:

Como saberedes, a competencia TIC (Tecnoloxías da Información e Comunicación) é unha das competencias a adquirir polos vosos fillos e fillas durante a etapa da ESO, segundo recolle a lexislación educativa en vigor. Como parte desa competencia, os nosos alumnos e alumnas traballan nas aulas de informática do Instituto, realizando distintos tipos de tarefas, encomendadas polo profesorado das diferentes materias. Unha parte importante desa competencia é adquirir bos hábitos no emprego das novas tecnoloxías, aprendendo a usalas de forma responsable e tamén a sacarlles partido á hora de superar con éxito os seus estudos. Ademais, un bo coñecemento e emprego destas ferramentas seralles moi probablemente de moita utilidade no seu futuro laboral.

Para facilitar a todo o noso alumnado o acceso a estas tecnoloxías, e promover unha comunicación segura por internet tanto cos seus profesores e profesoras como cos seus compañeiros, o IES de Beade vén de firmar un contrato para o uso da ferramenta Google Suite para Educación. Mediante esa ferramenta o alumnado do centro terá unha conta de correo electrónico segura, no dominio iesbeade.org, que poderá usar para enviar traballos aos profesores, facer traballos compartidos con outros compañeiros, etc.

Esta conta de correo terá o formato **nome_alumno@iesbeade.org** e estará activa mentres o usuario sexa alumno do centro. Ademais, as contas son creadas e administradas dende o propio centro educativo, de feito que a navegación por internet que se faga con elas poderá sempre ser rastrexada.

Este servizo é totalmente gratuíto tanto para o centro educativo como para as familias. Ademais, cumpre coa normativa da Lei de Protección de Datos, segundo ditaminou a Axencia Española de Protección de Datos. En particular, a empresa non inclúe ningún tipo de anuncios nos servizos ofrecidos dentro desas contas, nin recolle datos dos usuarios, polo que a navegación por internet vólvese máis anónima e segura.

Para poder crear esa conta para o alumnado menor de 14 anos se require a autorización dos seus titores legais. Para o resto do alumnado simplemente unha comunicación. Atentamente,

A dirección

Don/Dona _____ pai/nai/titor/a legal do alumno ou alumna (indicar nome completo e apelidos):

matriculado no IES de Beade para o ano académico 20____ / 20____ no curso _____

AUTORIZO A/ESTOU INFORMADO DA creación dunha conta de correo electrónico segura no dominio iesbeade.org para usos educativos durante a súa etapa escolar no IES de Beade.

Sinatura